

MINISTERIO DE EDUCACIÓN E CIENCIA

7030 REAL DECRETO 423/2005, do 18 de abril, polo que se fixan as ensinanzas comúns do nivel básico das ensinanzas de idiomas de réxime especial, reguladas pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación. («BOE» 103, do 30-4-2005.)

A Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, regulou nos seus artigos 49, 50 e 51 as ensinanzas de idiomas que se imparten nas escolas oficiais de idiomas. A estrutura destas ensinanzas quedou establecida polo Real decreto 944/2003, do 18 de xullo, en que se desenvolve a súa organización en tres niveis: básico, intermedio e avanzado, tal como previra a propia lei.

La Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, determina no seu artigo 8 que, en relación coas ensinanzas reguladas pola lei, o Goberno fixará as ensinanzas comúns que constitúen os elementos básicos do currículo e que deberán respectar as porcentaxes establecidas con carácter xeral no propio artigo. O horario máximo para as ensinanzas comúns de idiomas quedou establecido no artigo 5.2 do Real decreto 944/2003, do 18 de xullo.

A implantación do nivel básico das ensinanzas de idiomas está prevista para o comezo do curso 2005-2006, de acordo co Real decreto 827/2003, do 27 de xuño, polo cal se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo establecida pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación.

Por todo iso, procede fixar as ensinanzas comúns das ensinanzas de idiomas de nivel básico que se deberán cursar nas escolas oficiais de idiomas. Procede, así mesmo, establecer os efectos do certificado correspondente a este nivel básico, en cumprimento do disposto no artigo 49.2 da Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, que asocia tal decisión á determinación das ensinanzas comúns correspondentes.

Os aspectos básicos do currículo das ensinanzas de idiomas responden ás propostas do Marco Común Europeo de referencia para as linguas e, desde esta perspectiva, comportan un enfoque esencialmente comunicativo.

No proceso de elaboración deste real decreto foron consultadas as comunidades autónomas e emitiron informe o Consello Escolar do Estado e o Ministerio de Administracións Públicas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Educación e Ciencia, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 15 de abril de 2005,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto fixar as ensinanzas comúns que deberán formar parte dos currículos que as administracións educativas establezan para o nivel básico das ensinanzas de réxime especial los idiomas seguintes: alemán, árabe, chinés, danés, finés, francés, grego, inglés, irlandés, italiano, xaponés, neerlandés, portugués, románés, ruso, sueco, así como das linguas cooficiais das comunidades autónomas e do español como lingua estranxeira.

Artigo 2. *Elementos básicos do currículo.*

As ensinanzas comúns, que constitúen os elementos básicos do currículo, ás cales se refire o artigo anterior son as que se inclúen no anexo.

Artigo 3. *Certificado de nivel básico.*

1. O certificado acreditativo de ter superado o nivel básico, nos termos previstos no Real decreto 944/2003, do 18 de xullo, polo que se establece a estrutura das ensinanzas de idiomas de réxime especial reguladas pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, permitirá o acceso ás ensinanzas de nivel intermedio do idioma correspondente.

2. Os titulares do certificado do nivel básico poderán ser eximidos das probas de competencia en idiomas que establezan as administracións públicas e que correspondan a este nivel de competencia.

3. As administracións educativas determinarán a valoración do certificado do nivel básico nos procesos de recoñecemento de méritos que xestionen.

Artigo 4. *Adaptación a persoas con discapacidade.*

Para a obtención dos certificados por parte dos alumnos con discapacidade teranse en conta os principios de igualdade de oportunidades, non-discriminación e compensación de desvantaxes. Os procedementos que se establezan para a obtención do certificado do nivel básico conterán as medidas que resulten necesarias para a súa adaptación ás necesidades especiais destes alumnos.

Disposición derradeira primeira. *Calendario de aplicación.*

Engádeselle un novo parágrafo ao artigo 11 del Real decreto 827/2003, do 27 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, coa seguinte redacción:

«As administracións educativas poderán demorar ata o curso 2006-2007 a implantación dos cursos 1.º e 2.º do nivel básico, no suposto de que dificultades de ordenación académica ou doutro tipo o aconsellen.»

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este real decreto, que se dita ao abeiro do previsto no artigo 149.1.1.ª e 30.ª da Constitución española e na disposición adicional primeira.2.c) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, ten carácter de norma básica.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento regulamentario.*

O ministro de Educación e Ciencia poderá ditar, no ámbito das súas competencias, as normas que sexan precisas para a aplicación e desenvolvemento do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 18 de abril de 2005.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Educación e Ciencia,
MARÍA JESÚS SAN SEGUNDO GÓMEZ DE CADIÑANOS

ANEXO

Obxectivos, contidos e criterios de avaliación para o nivel básico das ensinanzas de idiomas de réxime especial

1. INTRODUCCIÓN

Estas ensinanzas comúns parten dun modelo de lingua entendida como uso desta, tal e como aparece definida no *Marco común europeo de referencia para as linguas: aprendizaxe, ensinanza, avaliación*. Así mesmo, os niveis previstos para estas ensinanzas baséanse nos niveis de referencia do Consello de Europa. Os obxectivos xerais e específicos para cada unha das destrezas, a selección dos distintos tipos de contidos e os criterios xerais de avaliación que se enuncian son igualmente coherentes con este enfoque.

Do concepto de lingua enunciado deriva un modelo de competencia comunicativa lingüística que ten unha base fundamentalmente práctica, que se equipara coa capacidade de uso do idioma e que comprende tanto a competencia lingüística como as competencias sociolingüística e pragmática.

Trátase de que o estudante de linguas, como futuro usuario do idioma, chegue a ser quen de pór en xogo as competencias mencionadas para levar a cabo actividades lingüísticas mediante o procesamento, receptiva e produtivamente, de textos de distinto tipo sobre diversos temas, en ámbitos e contextos específicos, e mediante o desenvolvemento das estratexias máis adecuadas para levar a cabo as ditas actividades.

Destas competencias, as puramente lingüísticas son un mero vehículo para a comunicación e, neste sentido, o alumno deberaas adquirir a través de actividades e tarefas en que as ditas competencias se poñan en uso. Do mesmo xeito, as competencias sociolingüística e pragmática deberanse adquirir sempre a través de tarefas en que se utilizarán materiais auténticos que lles permitirán entrar en contacto directo cos usos e características das culturas en cuestión.

As tarefas de aprendizaxe, deseñadas a partir dos obxectivos específicos que se pretenden alcanzar, deberán ser tamén comunicativas para lle ofrecer ao alumno adulto a oportunidade de utilizar o idioma tal como o faría en situacións reais de comunicación. No contexto dunhas tarefas destas características, os alumnos realizarán actividades de expresión, comprensión ou mediación ou unha combinación delas. Para levar a cabo eficazmente as tarefas correspondentes, os alumnos deberán ser adestrados en estratexias de planificación, execución, control e reparación, así como nunha serie de procedementos discursivos xerais e específicos para cada destreza, e deberáselles proporcionar uns coñecementos formais que lles permitan comprender e producir textos axustados ás necesidades que xeren as situacións de comunicación.

2. DEFINICIÓN DO NIVEL

O nivel básico ten como finalidade principal capacitar o alumnado para usar o idioma de maneira suficiente, receptiva e produtivamente, tanto en forma falada como escrita, así como para mediar entre falantes de distintas linguas, en situacións cotiás e de inmediata necesidade que requiran comprender e producir textos breves, en diversos rexistros e en lingua estándar, que versen sobre aspectos básicos concretos de temas xerais e que conteñan expresións, estruturas e léxico de uso frecuente.

3. OBXECTIVOS XERAIS E ESPECÍFICOS DE CADA DESTREZA

COMPRESIÓN ORAL

Obxectivos xerais

Comprender o sentido xeral, a información esencial e os puntos principais de textos orais breves, ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos (teléfono, televisión, megafonía, etc.), e articulados a unha velocidade lenta, nun rexistro formal ou neutro e sempre que as condicións acústicas sexan boas e a mensaxe non estea distorsionada. Estes textos referiranse a asuntos da vida cotiá.

Obxectivos específicos

Comprender os puntos principais e os detalles relevantes en mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outra información.

Comprender o que se lle di en transaccións e xestións sinxelas, sempre que poida pedir confirmación; por exemplo, nun banco.

Comprender a información esencial e os puntos principais do que se lle di en conversas en que participa, sempre que poida pedir confirmación.

Comprender o sentido xeral e a información específica de conversas que teñen lugar na súa presenza e identificar un cambio de tema.

Comprender o sentido xeral e información esencial de programas de televisión tales como boletíns meteorolóxicos ou informativos, cando os comentarios contén con apoio da imaxe.

EXPRESIÓN ORAL

Obxectivos xerais

Producir textos orais breves, tanto en comunicación cara a cara como por teléfono ou outros medios técnicos, nun rexistro neutro, e comunicarse de forma comprensible, aínda que resulten evidentes o acento estranxeiro, as pausas e os titubeos e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación dos interlocutores para manter a comunicación.

Obxectivos específicos

Facer, ante unha audiencia, anuncios públicos e presentacións breves e ensaiadas sobre temas habituais, e responder as preguntas breves e sinxelas dos oíntes.

Desenvolverse en transaccións e xestións cotiás; por exemplo, en bancos ou restaurantes.

Participar nunha entrevista -por exemplo, de traballo- e poder dar información, reaccionar ante comentarios ou expresar ideas sobre cuestións habituais.

Participar en conversas en que se establece contacto social, se intercambia información e se fan ofrecementos ou suxestións ou se dan instrucións.

COMPRESIÓN DE LECTURA

Obxectivos xerais

Comprender o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e detalles relevantes en textos breves de estrutura sinxela e clara, nun rexistro formal ou neutro. Estes textos referiranse a asuntos da vida cotiá.

Obxectivos específicos

Comprender instrucións, indicacións e información básica en letreiros e carteis en rúas, tendas, restaurantes, medios de transporte e outros servizos e lugares públicos.

Comprender, en notas persoais e anuncios públicos, mensaxes breves que conteñan información, instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá.

Comprender correspondencia persoal breve e sinxela.

Comprender correspondencia formal breve sobre cuestións prácticas tales como a confirmación dun pedido ou a concesión dunha bolsa.

Comprender información esencial e localizar información específica en folletos ilustrados e outro material informativo como prospectos, menús, listaxes e horarios.

Identificar información relevante en textos periodísticos breves e sinxelos, tales como resumos de noticias que describan feitos ou acontecementos.

EXPRESIÓN ESCRITA

Obxectivos xerais

Escribir textos breves e de estrutura sinxela, nun rexistro neutro, utilizando adecuadamente os recursos de cohesión e as convencións ortográficas e de puntuación máis elementais. Estes textos referiranse a asuntos da vida cotiá

Obxectivos específicos

Escribir notas e anuncios e tomar mensaxes sinxelas con información, instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá.

Escribir correspondencia persoal simple en que se dan as grazas, se piden desculpas ou se fala dun mesmo ou do seu contorno (familia, condicións de vida, traballo, amigos, diversións).

Escribir correspondencia formal sinxela e breve en que se solicite un servizo ou se pida información.

4. CONTIDOS

Os contidos preséntanse organizados en diferentes puntos, pero, para efectos do seu ensino, deberanse integrar nun todo significativo a partir dos obxectivos específicos de cada unha das destrezas, de maneira que o alumno os adquira a través das actividades que se propoñan.

4.1. CONTIDOS NOCIONAIS

A seguinte listaxe de contidos nocionais inclúe os conceptos básicos dos cales se desagregarán as subcategorías correspondentes cos seus respectivos expoñentes lingüísticos para o nivel.

I. Entidade

1. Expresión das entidades.
2. Referencia.

II. Propiedades

1. Existencia.
2. Calidade: calidades físicas; valoracións; cantidade.

III. Relacións

1. Espazo: localización absoluta no espazo; localización relativa no espazo.
2. Tempo: situación absoluta no tempo; situación relativa no tempo.
3. Estados, actividades, procesos, realizacións: tempo; aspecto; modalidade; participantes e as súas relacións.
4. Relacións lóxicas (entre estados, actividades, etc.): conxunción; disxunción; oposición; comparación; condición; causa; finalidade; resultado; relacións temporais (anterioridade, posterioridade, simultaneidade).

4.2. CONTIDOS FUNCIONAIS

Actos asertivos: funcións ou actos de fala relacionados coa expresión do coñecemento, a opinión, a crenza e a conxectura: afirmar, anunciar, asentir, clasificar, describir, disentir, expresar acordo e desacordo, expresar descoñecemento, expresar unha opinión, formular hipóteses, identificar e identificarse, informar, presentar e presentarse, recordar algo a alguén, rectificar.

Actos compromisivos: funcións ou actos de fala relacionados coa expresión de ofrecemento, intención, vontade e decisión: expresar a intención ou a vontade de facer algo, invitar, ofrecer algo ou axuda, ofrecerse a facer algo.

Actos directivos: funcións ou actos de fala que teñen como finalidade que o destinatario faga ou non faga algo, tanto se isto é pola súa vez un acto verbal como unha acción doutra índole: aconsellar, alertar, dar instrucións ou permiso, pedir: algo, axuda, confirmación, información, instrucións, opinión, permiso, que alguén faga algo, prohibir ou denegar, propor e solicitar.

Actos fácticos e solidarios: funcións ou actos de fala que se realizan para establecer ou manter o contacto social e expresar actitudes con respecto aos demais: aceptar ou declinar unha invitación, agradecer, atraer a atención, dar a benvida, despedirse, expresar aprobación, felicitar, interesarse por alguén ou algo, lamentar, pedir desculpas, refusar, saudar.

Actos expresivos: funcións ou actos de fala que expresan actitudes e sentimentos ante determinadas situacións: expresar alegría ou felicidade, aprecio ou simpatía, decepción, desinterese, dúbida, esperanza, preferencia, satisfacción e tristeza.

4.3. CONTIDOS TEMÁTICOS

Sinaláronse para cada nivel os aspectos que o alumno debe ser quen de comprender ou producir (básicos e derivados, concretos e abstractos) dos temas xerais seguintes. Estas áreas temáticas deberán ser tidas en conta para futuros desenvolvementos curriculares, así como para a programación dos departamentos didácticos:

- Identificación persoal.
- Vivenda, fogar e contorno.
- Actividades da vida diaria.
- Tempo libre e ocio.
- Viaxes.
- Relacións humanas e sociais.
- Saúde e coidados físicos.
- Educación.
- Compras e actividades comerciais.
- Alimentación.
- Bens e servizos.
- Lingua e comunicación.
- Clima, condicións atmosféricas e ambiente.
- Ciencia e tecnoloxía.

4.4. CONTIDOS LINGÜÍSTICOS

A. GRAMÁTICA TEXTUAL

1. COHERENCIA TEXTUAL

- 1.1. Tipo e formato de texto.
- 1.2. Variedade de lingua.
- 1.3. Rexistro.
- 1.4. Tema: enfoque e contido:
 - 1.4.1. Selección léxica.
 - 1.4.2. Selección de estruturas sintácticas.
 - 1.4.3. Selección de contido relevante.
- 1.5. Contexto espazo-temporal:
 - 1.5.1. Referencia espacial: uso de adverbios e expresións espaciais.
 - 1.5.2. Referencia temporal: uso de os tempos verbais, adverbios e expresións temporais.

2. COHESIÓN TEXTUAL

- 2.1. Inicio do discurso:
 - 2.1.1. Iniciadores.
 - 2.1.2. Introducción do tema:
 - 2.1.2.1. Tematización e focalización: orde de palabras, uso de partículas, etc.
 - 2.1.2.2. Enumeración.
- 2.2. Desenvolvemento do discurso:
 - 2.2.1. Desenvolvemento temático:
 - 2.2.1.1. Mantemento do tema: correferencia, elipse, repetición, reformulación e énfase.

2.2.1.2. Expansión temática: exemplificación, reforzo, contraste e introdución de subtemas.

2.2.1.3. Cambio temático: digresión e recuperación de tema.

2.2.2. Mantemento e seguimento do discurso oral:

2.2.2.1. Toma, mantemento e cesión da quenda de palabra.

2.2.2.2. Apoio, demostración de entendemento, petición de

aclaración, etc.

2.3. Conclusión do discurso:

2.3.1. Resumo e recapitulación.

2.3.2. Indicación de cerramento textual.

2.3.3. Cerramento textual.

2.4. A entoación como recurso de cohesión do texto oral. Uso dos patróns de entoación.

2.5. A puntuación como recurso de cohesión do texto escrito. Uso dos signos de puntuación.

B. CONTIDOS MORFOSINTÁCTICOS POR IDIOMAS

C. CONTIDOS FONÉTICOS, FONOLÓXICOS E ORTOGRÁFICOS POR IDIOMAS

ALEMÁN

B. CONTIDOS MORFOSINTÁCTICOS

1. A ORACIÓN SIMPLE

1.1. Tipos de oración, elementos constituíntes e a súa posición.

1.1.1. Oración declarativa.

1.1.1.1. V precedido de S.

1.1.1.2. V precedido doutros constituíntes.

1.1.1.3. Posición da negación.

1.1.2. Oración interrogativa.

1.1.2.1. Parcial: elemento interrogativo en posición inicial.

1.1.2.2. Total: V en posición inicial.

1.1.3. Oración imperativa.

1.1.3.1. V +Sux.

1.1.3.2. V +OD +V.

1.1.4. Formas elípticas: proformas oracionais *Ja, Nein*.

1.2. Fenómenos de concordancia.

2. A ORACIÓN COMPOSTA

2.1. Expresión de relacións lóxicas.

2.1.1. Conxunción: *und*.

2.1.2. Disxunción: *oder*.

2.1.3. Oposición: *aber, trotzdem*.

2.1.4. Concesión: *obwohl ...*

2.1.5. Condición: *wenn ..., (dann) ...*

2.1.6. Causa: *weil, denn ...*

2.1.7. Finalidade: *damit, um ... zu ...*

2.1.8. Resultado: *so ..., dass...*

2.1.9. Relacións temporais.

2.1.9.1. Simultaneidade: *wenn*.

2.1.9.2. Anterioridade: *nachdem*.

2.1.9.3. Posterioridade: *bevor*.

3. O SINTAGMA NOMINAL

3.1. Núcleo.

3.1.1. Substantivo.

3.1.1.1. Clases: comúns e propios.

3.1.1.2. Xénero: masculino, feminino, neutro. Os substantivos compostos.

3.1.1.3. Número: formación de plurais. Os substantivos compostos.

3.1.1.4. Caso: nominativo, acusativo, dativo e xenitivo.

3.1.1.5. Grao: positivo absoluto. Os diminutivos en *-chen* e *-lein*.

3.1.2. Pronomes.

3.1.2.1. Persoais en nominativo, acusativo e dativo.

3.1.2.2. Posesivos.

3.1.2.3. Reflexivos.

3.1.2.4. Demostrativos.

3.1.2.5. Indefinidos.

3.1.2.6. Interrogativos: formas variables e invariables.

3.2. Modificación do núcleo.

3.2.1. Determinantes.

3.2.1.1. Artigos: determinado e indeterminado. O negativo *kein-*.

3.2.1.2. Demostrativos.

3.2.1.3. Posesivos.

3.2.1.4. Cuantificadores: numerais e outros cuantificadores.

3.2.2. Aposición.

3.2.3. Modificación mediante SAdx., SPrep. e frase de relativo.

3.3. Posición dos elementos: (Det.+) (SAdx.+) N(+SPrep.) (+frase de relativo).

3.4. Fenómenos de concordancia.

3.5. Funcións sintácticas do sintagma: Sux., Atrib., OD, OI e CC.

4. O SINTAGMA ADXECTIVAL

4.1. Núcleo: adxectivo.

4.1.1. Xénero: declinación segundo determinante e xénero do substantivo.

4.1.2. Número: declinación segundo determinante.

4.1.3. Caso: nominativo, acusativo, dativo, xenitivo.

4.1.4. Grao: positivo, comparativo e superlativo.

4.2. Modificación do núcleo mediante SAdv. e SPrep.

4.3. Posición deos elementos: (SAdv.+) N(+SPrep.).

4.4. Fenómenos de concordancia.

4.5. Funcións sintácticas: Atrib.

5. O SINTAGMA VERBAL

5.1. Núcleo: verbo.

5.1.1. Tempo.

5.1.1.1. Expresión do presente: pres. de indic.

5.1.1.2. Expresión do pasado: pret. perfecto, pret. simple e plusc. de indic.

5.1.1.3. Expresión do futuro: pres. de indic., pres. de *werden* +Inf.

5.1.2. Aspecto.

5.1.2.1. Contraste habitual/durativo: pres. de indic./*gerade*+pres. de indic. ou imperf.

5.1.2.2. Contraste incoativo/terminativo: (*gerade, schon*) +perfecto de indicativo ou perífrases con oración de Inf./perífrases con oración de Inf.

5.1.3. Modalidade.

5.1.3.1. Factualidade.

5.1.3.2. Necesidade.

5.1.3.3. Obriga.

5.1.3.4. Capacidade.

5.1.3.5. Permiso.

5.1.3.6. Posibilidade.

- 5.1.3.7. Prohibición.
- 5.1.3.8. Intención.
- 5.1.4. Voz activa e pasiva.
- 5.2. Modificación do núcleo mediante Neg.
- 5.3. Posición dos elementos: $V^1 + \dots + V^2$
- 5.4. Funcións sintácticas do sintagma: V, Sux., OD e CC.

6. O SINTAGMA ADVERBIAL

- 6.1. Núcleo.
 - 6.1.1. Adverbio.
 - 6.1.1.1. Clases: tempo, lugar, modo, causa, grao, interrogativos e preposicionais.
 - 6.1.1.2. Grao positivo, comparativo e superlativo.
 - 6.1.2. Locucións adverbiais.
- 6.2. Modificación do núcleo mediante SAdv.
- 6.3. Posición dos elementos: (SAdv.+)N..
- 6.4. Funcións sintácticas do sintagma: CC

7. O SINTAGMA PREPOSICIONAL

- 7.1. Núcleo.
 - 7.1.1. Preposicións que rexen acusativo, dativo ou ambos os casos.
 - 7.1.2. Locucións preposicionais.
- 7.2. Modificación do núcleo mediante adverbio.
- 7.3. Posición dos elementos: (SAdv.+)Prep.+Termo.
- 7.4. Funcións sintácticas do sintagma: CC.

C. CONTIDOS FONÉTICOS, FONOLÓXICOS E ORTOGRÁFICOS

1. FONÉTICA E FONOLOXÍA

- 1.1. Sons e fonemas vocálicos: cantidade vocálica. Os ditongos.
- 1.2. Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións.
- 1.3. Procesos fonolóxicos.
 - 1.3.1. Contracción de preposición e artigo.
 - 1.3.2. Metafonía (*Umlaut*).
 - 1.3.3. <r> en posición final ou pre-consonántica: influencia da vogal precedente.
- 1.4. Acento dos elementos léxicos illados.
- 1.5. Acento e atonicidade: patróns tonais no sintagma.

2. ORTOGRAFÍA

- 2.1. O alfabeto.
- 2.2. Representación gráfica de fonemas e sons: correspondencias.
- 2.3. Ortografía das palabras estranxeiras.
- 2.4. Uso dos caracteres nas súas diversas formas: maiúsculas e minúsculas.
- 2.5. Signos ortográficos: apóstrofo, diéreses para indicar *Umlaut*, comiñas...
- 2.6. Estrutura silábica. División de palabras ao final de liña. División de compostos.

ÁRABE

B. CONTIDOS MORFOSINTÁCTICOS

1. A ORACIÓN SIMPLE

- 1.1. Tipos de oración, elementos constituíntes e a súa posición.
 - 1.1.1. Oración.
 - 1.1.1.1. Oración nominal e verbal.
 - 1.1.1.2. V en posición inicial.
 - 1.1.1.3. CC en posición inicial.

- 1.1.1.4. Posición da negación.
- 1.1.3. Oración interrogativa:
 - 1.1.3.1. Oración parcial nominal: Atrib. + Sux.
 - 1.1.3.2. Oración parcial verbal: V precedido de Sux./OD/CC.
 - 1.1.3.3. Oración interrogativa total afirmativa e enunciada en negativo.
- 1.1.4. Oración exclamativa: vocativo; partícula exclamativa: ! مك ; fórmula: ! لعنفأ ام
- 1.1.5. Oración exhortativa/imperativa.
 - 1.1.5.1. V en imperativo en posición inicial.
- 1.2. Fenómenos de concordancia.

2. A ORACIÓN COMPOSTA

- 2.1. Expresión de relacións lóxicas.
 - 2.1.1. Conxunción: ف ، و ... الو
 - 2.1.2. Disxunción: ماً ، و
 - 2.1.3. Oposición e contraste: لب ... ال ، نكل
 - 2.1.4. Causa: ل ، ف
 - 2.1.5. Finalidade: ل ، يكل ، يك
 - 2.1.6. Relacións temporais.
 - 2.1.6.1. Anterioridade: لبق
 - 2.1.6.2. Posterioridade: دعب ، مٹ

3. O SINTAGMA NOMINAL

- 3.1. Núcleo.
 - 3.1.1. Substantivo.
 - 3.1.1.1. Clases: propio e común.
 - 3.1.1.2. Xénero: con e sen oposición.
 - 3.1.1.3. Número: singular, dual e plural.
 - 3.1.1.4. Caso: nominativo, acusativo, xenitivo.
 - 3.1.1.5. Grao: positivo absoluto.
 - 3.1.2. Pronomes.
 - 3.1.2.1. Persoais: nominativo, acusativo e xenitivo.
 - 3.1.2.2. Demostrativos: قرانل ال اءامسأ
 - 3.1.2.3. Formas que serven para expresar indefinidos.
 - 3.1.2.3.1. De persoa: دحأ ال ، يدح / ادح
 - 3.1.2.3.2. De cousa: ام عيش ، عيش عيش ال ،
 - 3.1.2.4. Interrogativos: يتم ، ي ، مك ، نيأ ، فيك ، اذام / ام ، نم : ماهفتس ال اءامسأ
- 3.2. Modificación do núcleo.
 - 3.2.1. Determinantes.
 - 3.2.1.1. Artigo: ل ا
 - 3.2.1.2. Demostrativos: قرانل ال اءامسأ
 - 3.2.1.3. Determinantes posesivos: مس ال اب ؤلصتمل ا رئامضل ا
 - 3.2.1.4. Cuantificadores: numerais e outros cuantificadores.
 - 3.2.2. Aposición.
 - 3.2.3. Modificación mediante outros substantivos.
 - 3.2.4. Modificación mediante sintagma adxectivo.
 - 3.2.5. Modificación mediante sintagma preposicional.
- 3.3. Posición dos elementos:
 - 3.3.1. Art + N/Art. + Numeral cardinal/Numeral ordinal/Cuantificador/Art. + Adxect.
 - 3.3.2. N + Subst./Subst. + Pron. afixo/ Subst. + Art. + Adxect. / Art. + Subst. / Adx./ Posesivo + Art. + Adxect./ SPrep./ Posesivo.
 - 3.3.3. Numeral cardinal / Cuantificador + N.
 - 3.3.4. Demost. / Cuantificador + Art. + N.
- 3.4. Fenómenos de concordancia.
- 3.5. Funcións sintácticas do sintagma: Sux., Atrib. e OD.

- 5.3. Posición dos elementos: Partícula + N.
- 5.4. Funcións sintácticas do sintagma: V, Sux., Atrib. e OD.

6. O SINTAGMA ADVERBIAL

- 6.1. Núcleo: adverbio.
 - 6.1.1. Clases: lugar e tempo; impropios.
 - 6.1.2. Locucións adverbiais.
- 6.2. Modificación do núcleo.
 - 6.2.1. Prep. + N.
- 6.3. Funcións sintácticas do sintagma: CC e Atrib.

7. O SINTAGMA PREPOSICIONAL

- 7.1. Núcleo.
 - 7.1.1. Preposicións ن ع ، ل ، م
 - 7.1.1.1. Locucións preposicionais. طسو ي ف ، قوف م ، بناج ل
- 7.2. Modificación do núcleo mediante nome, pronome e adverbio.
- 7.3. Posición dos elementos: N + Subst./Pron./Adv.
- 7.4. Funcións sintácticas do sintagma: CC, OD e Atrib.

C. CONTIDOS FONÉTICOS FONOLÓXICOS E ORTOGRÁFICOS

1. FONÉTICA E FONOLOXÍA

- 1.1. Sons e fonemas vocálicos e as súas combinacións.
 - 1.1.1. Monotongos: cantidade vocálica.
 - 1.1.2. Semivogais.
 - 1.1.3. Combinacións.
- 1.2. Sons e fonemas consonánticos.
 - 1.2.1. Sistema consonántico: lugar e modo de articulación; cantidade consonántica.
- 1.3. Procesos fonolóxicos.
 - 1.3.1. Elisión.
 - 1.3.2. Elisión inversa.
- 1.4. Acento fónico dos elementos léxicos illados.
 - 1.4.1. Palabras sen vogais longas.
 - 1.4.2. Palabras con vogais longas.
- 1.5. Patróns tonais no sintagma.
 - 1.5.1. Xunturas: aberta e terminal; uso de vogais eufónicas.

2. ORTOGRAFÍA

- 2.1. Sistema de escritura: alifato.
- 2.2. Representación gráfica de fonemas e sons.
 - 2.2.1. Correspondencias usuais. Grafías especiais.
 - 2.2.2. Cambios gráficos: desaparición da vogal eufónica detrás do artigo.
- 2.3. Grafía das palabras estranxeiras.
- 2.4. Uso dos caracteres nas súas diversas formas.
 - 2.4.1. Iniciais.
 - 2.4.2. Medios.
 - 2.4.3. Finais.
- 2.5. Estrutura silábica.
 - 2.5.1. Sílaba breve, longa e ultralonga.

CATALÁN/VALENCIANO

B. CONTIDOS MORFOSINTÁCTICOS

1. A ORACIÓN SIMPLE

1.1. Tipos de oración, elementos constituintes e a súa posición.

1.1.1. Oración declarativa.

1.1.1.1. Orde dos elementos segundo tipo de predicado..

1.1.1.2. Sux. en posición inicial. Sux. posposto. Sux. elíptico. V elíptico.

1.1.1.3. Posición da negación.

1.1.2. Oración interrogativa.

1.1.2.1. Interrogativa total. Oración declarativa con marcas interrogativas. Partícula *que*. Interrogativa confirmatoria.

1.1.2.2. Interrogativa parcial. Elemento interrogativo en posición inicial.

1.1.3. Oración exclamativa.

1.1.3.1. Oración declarativa ou interrogativa con marcas exclamativas.

1.1.3.2. Elemento exclamativo en posición inicial.

1.1.3.3. Proformas oracionais.

1.1.4. Oración imperativa.

1.1.4.1. (Sux.+)(Neg.+)(V(+Atrib./[+OD][+OI][+CC])(+Sux.).

1.1.5. Outras posicións dos constituintes da oración.

1.1.5.1. Obxectos pronominalizados. Posición e combinacións binarias.

1.1.5.2. Mobilidade do vocativo e do CC.

1.1.5.3. Cambios por lonxitude do obxecto.

1.2. Fenómenos de concordancia.

2. A ORACIÓN COMPOSTA

2.1. Expresión de relacións lóxicas.

2.1.1. Conxunción: *i, ni*.

2.1.2. Disxunción: *o*.

2.1.3. Oposición: *però, sinó, tot i això*.

2.1.4. Comparación: *que, com*.

2.1.5. Condición: *si (no)*.

2.1.6. Causa: *perquè, com que*.

2.1.7. Finalidade: *per +Inf*.

2.1.8. Resultado: *doncs, per això, per tant*.

2.1.9. Relacións temporais.

2.1.9.1. Simultaneidade: *quan + indicat. ou pres. de subx.; xerundio; mentre, mentrestant*.

2.1.9.2. Anterioridade: *abans de +Inf.; fer +ref. temporal; xerundio composto*.

2.1.9.3. Posterioridade: *després de +Inf*.

3. O SINTAGMA NOMINAL

3.1. Núcleo.

3.1.1. Substantivo: comúns (contables e non contables) e propios.

3.1.1.1. Xénero: con e sen oposición.

3.1.1.2. Número: con e sen oposición.

3.1.1.3. Grao: positivo. Os diminutivos.

3.1.2. Pronomes.

3.1.2.1. Persoais: tónicos/átonos; neutro *ho*; partitivo *en; en e hi*.

3.1.2.1. Posesivos tónicos.

3.1.2.2. Reflexivos.

3.1.2.3. Demostrativos.

3.1.2.4. Indefinidos: con e sen oposición de xénero e número.

3.1.2.5. Cuantitativos: con oposición de xénero e número.

3.1.2.6. Interrogativos: con e sen oposición de xénero e número.

3.1.2.7. Exclamativos.

3.2. Modificación do núcleo.

3.2.1. Determinantes.

- 3.2.1.1. Artigos: determinado (neutro), indeterminado e persoal.
- 3.2.1.2. Demostrativos.
- 3.2.1.3. Posesivos tónicos.
- 3.2.1.4. Cuantificadores: numerais e outros cuantificadores.
- 3.2.1.5. Interrogativos e exclamativos.
- 3.2.2. Aposición.
- 3.2.3. Modificación mediante SAdx., SPrep. e frase de relativo.
- 3.3. Posición dos elementos do sintagma.
- 3.3.1. (Det.+) (SAdx.+) N(+SAdx.)(+SPrep.)(+frase de relativo).
- 3.3.2. N(+Det. posesivo).
- 3.4. Fenómenos de concordancia.
- 3.5. Funcións sintácticas do sintagma: Sux., OD, Atrib., CC e CPred.
- 3.5.1. Funcións sintácticas dos pronomes átonos: Subx., OD, OI, CC, CR, Atrib.

4. O SINTAGMA ADXECTIVAL

- 4.1. Núcleo: adxectivo.
- 4.1.1. Xénero: con e sen oposición.
- 4.1.2. Número: con oposición.
- 4.1.3. Grao: positivo, comparativo e superlativo.
- 4.2. Modificación do núcleo mediante SAdv., SAdx. e SPrep.
- 4.3. Posición dos elementos do sintagma.
- 4.3.1. (SAdv.+) N(+SAdx.)(SPrep.).
- 4.4. Funcións sintácticas do sintagma: Atrib. e CPred.

5. O SINTAGMA VERBAL

- 5.1. Núcleo: verbo.
- 5.1.1. Tempo.
- 5.1.1.1. Expresión do presente: pres. de ind.; *estar* (pres. de ind.)+xerundio; condicional; pres. de sub.
- 5.1.1.2. Expresión do pasado: pasado perifrástico; perfecto e imperfecto de ind.
- 5.1.1.3. Expresión do futuro: pres. de ind. e sub.; futuro; *estar a punt de* +Inf.
- 5.1.2. Aspecto.
- 5.1.2.1. Contraste durativo/habitual: pres. e imperf. de ind. (ambos); *estar* +Xer.; *anar* +Xer.; *continuar* +Xer. / *adoitar*, *acostumar a* +Inf.
- 5.1.2.2. Contraste iterativo/puntual: *tornar a* +Inf. / pas. perif.; perf. e pres. de ind.
- 5.1.2.3. Contraste incoativo/terminativo: *comeñar a*, *posar-se a*, *estar a punt de* +Inf./*acabar de*, *deixar de* +Inf.
- 5.1.3. Modalidade.
- 5.1.3.1. Factualidade: presente; pasado perifrástico e perfecto de indicativo.
- 5.1.3.2. Necesidade: *(no) cal* +Inf.; *s'ha de* +Inf.; *(no) (cal) que* +presente de subxuntivo; *haver de* + Inf.
- 5.1.3.3. Obriga: *haver de* +Inf. (en condicional para aconsellar); imperativo.
- 5.1.3.4. Capacidade: *poder* +Inf.; *saber* +Inf.
- 5.1.3.5. Permiso: *poder* +Inf.; imperativo (repetición); *deixar* +Inf.
- 5.1.3.6. Posibilidade: *poder* +Inf.; *deure* +Inf.; *potser* +indicativo
- 5.1.3.7. Prohibición: *no es pot* +Inf.; *está prohibit* +Inf.; *no* +presente subxuntivo; *(cal) que (no)* +presente de subxuntivo.
- 5.1.3.8. Intención: *voler* (ind. ou cond.) +Inf.; *tenir ganas de* +Inf.; *pensar* +Inf.; *decidir (de)* en pasado +Inf.; *agradar* (cond.) +Inf.
- 5.1.3.9. Desexo: *tant de bo que* +presente de subxuntivo; *que* +presente de subxuntivo
- 5.1.4. Voz activa e pasiva reflexa.
- 5.2. Modificación do núcleo mediante negación.
- 5.3. Posición dos elementos do sintagma.
- 5.3.1. *(No)* +V/perífrases verbal (+*pas*).
- 5.4. Funcións sintácticas do sintagma: V, Sux., CC, OD, Atrib. e CR.

6. O SINTAGMA ADVERBIAL

6.1. Núcleo.

6.1.1. Adverbio.

6.1.1.1. Clases: tempo, lugar, dirección, modo e cantidade, grao, interrogación, exclamación, negación e afirmación ou dúbida.

6.1.1.2. Grao: positivo, comparativo e superlativo.

6.2. Modificación do núcleo mediante SAdv., Posesivo, SPrep. e frase de relativo.

6.3. Posición dos elementos do sintagma.

6.3.1. (SAdv.+)N(+Posesivo/SPrep./frase de relativo).

6.4. Funcións sintácticas do sintagma: CC, Atrib. e Sux.

7. O SINTAGMA PREPOSICIONAL

7.1. Núcleo.

7.1.1. Preposicións: lugar, tempo, modo, instrumento, pertenza, compañía, causa, finalidade, inclusión ou exclusión.

7.1.2. Locucións preposicionais: lugar, tempo, causa, oposición, substitución.

7.2. Modificación do sintagma mediante SAdv.

7.3. Posición dos elementos do sintagma.

7.3.1. (SAdv.+)Prep./Loc. Prep. +SN/V/SAdv./SAdx.

7.4. Funcións sintácticas do sintagma: CC, CR, Atrib., Sux., OD e OI.

C. CONTIDOS FONÉTICOS, FONOLÓXICOS E ORTOGRÁFICOS

1. FONÉTICA E FONOLOXÍA

1.1. Sons e fonemas vocálicos.

1.1.1. Monotongos.

1.1.2. Ditongos crecentes e decrecentes. O hiato.

1.1.3. Tritongos.

1.1.4. Semivogais.

1.2. Sons e fonemas consonánticos.

1.2.1. Sistema consonántico.

1.3. Procesos fonolóxicos.

1.3.1. Reducións e neutralizacións consonánticas en posición final. Contextos excepcionais.

1.3.2. Asimilacións, enlaces e elisións.

1.3.3. Cambio de *es* por *se*, *em* por *me*, *n'* por *en*.

1.3.4. Acento dos elementos léxicos.

2. ORTOGRAFÍA

2.1. Sistema de escritura: alfabeto.

2.2. Representación gráfica de fonemas e sons.

2.2.1. Correspondencias vocálicas.

2.2.1.1. <a/e> para a representación da vogal neutra.

2.2.1.2. <o/u> para a representación de /u/.

2.2.1.3. <ò/ó> para a representación de aberto/cerrado.

2.2.1.4. <è/é> para a representación de aberto/cerrado.

2.2.2. Correspondencias consonánticas.

2.2.2.1. Alternancias gráficas (<c/qu, qu/qü, ç/c, j/g, g/gu, gu/gü>).

2.3. Uso das maiúsculas.

2.4. Signos ortográficos: apóstrofo, guión, acentos, diéreses.

2.5. Outros fenómenos ortográficos.

2.5.1. Contracción das preposicións *a*, *de*, *per* cos artigos *el* e *els* e de *ca* (*casa de*) cos artigos persoais *en/o* (*l'*)/*a* (*l'*).

2.5.2. Abreviaturas máis comúns (ordinais).

2.6. División de palabras ao final de liña. Estrutura silábica. Dígrafos.

- 2.6.1. Estrutura silábica: núcleo vocálico da sílabas.
- 2.6.2. Dígrafos separables e inseparables.

CHINÉS

B. CONTIDOS MORFOSINTÁCTICOS

1. A ORACIÓN SIMPLE

1.1. Tipos de oración, elementos constituíntes e a súa posición.

1.1.1. Oración declarativa.

1.1.1.1. Sux. en posición inicial.

1.1.1.2. OD en posición inicial.

1.1.1.3. Oración con 是

1.1.1.4. Oración con 有

1.1.1.5. Oración con 在

1.1.1.6. Oración con construcións verbais en serie.

1.1.1.7. Oración con elemento de dobre función.

1.1.1.8. Oración de predicado adxectivo.

1.1.1.9. Oración de predicado nominal.

1.1.1.10. Oración con construción de suxeito-predicado.

1.1.1.11. Oración elíptica.

1.1.2. Oración interrogativa.

1.1.2.1. Interrogativas totais.

1.1.2.1.1. Oración interrogativa coa partícula 吗

1.1.2.1.2. Forma afirmativo-negativa.

1.1.2.2. Interrogativas parciais.

1.1.2.2.1. Con elemento interrogativo.

1.1.2.2.2. Forma alternativa con 还是

1.1.2.2.3. Con partículas: 呢, 多

1.1.3. Oración imperativa afirmativa/negativa.

1.1.3.1. (Sux.+) V. + Part. Modal 吧 !

1.1.3.2. 请 + V. (+O) !

1.1.3.3. Adx. (reduplicado) + V. !

1.1.3.4. 请 (+ Adv. neg. 别、不要、不必、不用.....) + V. (+ O)

1.1.4. A oración exclamativa.

1.1.4.1. (Sux.+) 多 (么) + Predicado + 啊!

1.1.4.2. (Sux.+) 太+ Predicado +了!

2. A ORACIÓN COMPOSTA

2.1.Expresión de relacións lóxicas.

2.1.1. Conxunción (也、……).

2.1.2. Disxunción (或者...或者...).

2.1.3. Oposición (但是、可是、不过).

2.1.4. Causa (因为...所以).

2.1.5. Relacións temporais.

2.1.5.1. Expresión da simultaneidade.

2.1.1.5.1. Sux.+ 又 + Adx.+ 又+ Adx.

2.1.1.5.2. Sux.+ 又 + V. (+O) + 又 + V. (+O).

2.1.1.5.3. Sux.+ 一边 + V. (+Part. aspectual 着) (+O) + 一边(+Part. aspectual 着) (+O).

2.1.5.2. Expresión da anterioridade.

2.1.5.2.1. Sux.+ Subst.+ 前+ V.+ (C. de duración) + (O).

2.1.5.2.2. Sux.+ V.+ 前+ V.+ (C. de duración) + (O).

2.1.5.3. Expresión da posterioridade.

2.1.5.3.1. Sux.+ Subst.+ 后 +V. (+ C. de duración) + (O).

2.1.5.3.2. Sux.+ V.+ 后 +V. (+ C. de duración) + (O).

2.1.5.4. Expresión da sucesión.

2.1.5.4.1. Sux.+ 先 + V. (+ O) + 然后/再+ V.+(O).

2.1.5.4.2. Sux.+ V. (+ O) + 就 + V. (+ O).

2.1.5.4.3. Sux.1+ V. (+ O) + Sux.2 + 就 + V. (+ O).

2.1.5.4.4. Sux. + 一 + V. (+ O) + 就 + V. (+ O).

2.1.5.4.5. Sux.1 + 一 + V. (+ O) + Sux.2+ 就 + V. (+ O).

2.1.5.4.6. ...还

3. O SINTAGMA NOMINAL

3.1. Núcleo.

3.1.1. Substantivo.

3.1.1.1. Clases: propios e comúns (concretos e abstractos).

3.1.1.2. Xénero: (cos adxectivos 女、男) para algúns substantivos.

3.1.1.3. Número: sufixo 们; uso do adverbio 都

3.1.2. Pronomes.

3.1.2.1. Persoais.

3.1.2.2. Demostrativos: formas de proximidade e afastamento.

3.1.2.3. Interrogativos.

3.1.2.4. Indefinidos.

3.1.2.5. Outros: 每、各、某、另、其他.

3.2. Modificación do núcleo.

3.2.1. Determinantes.

3.2.1.1. Demostrativos: 这、那+clasificador + Núcleo.

3.2.1.2. Formas posesivas coa partícula estrutural 的

3.2.1.3. Cuantificadores: numerais e clasificadores ou contadores.

3.2.2. Aposición.

3.2.3. Modificación mediante outros substantivos: Subst.+ Núcleo; Subst.+ Part. estrutural; Núm.+ Clasificador + Núcleo ; Reduplicación de substantivos monosílabos.

3.2.4. Modificación mediante pronomes:Pron. + (Clasificador) + Núcleo; Pron. persoal + Part.estrutural 的 + Núcleo; Pron. interrogativo + Part. estrutural 的+ Núcleo.

3.2.5. Modificación mediante sintagma adxectivo: Adx. (monosílabo)+ Núcleo; Adx. (bisílabo) + Part. estrutural 的 + Núcleo (monosílabo); Adx. (bisílabo) + (Part. estrutural 的) + Núcleo (bisílabo); (很、不)+ Adx. (多、少)+ Núcleo; Adv.很+ Adx.+ Part. estrutural 的+ Núcleo; Reduplicación do adxectivo + Part. estrutural 的+ Núcleo.

3.2.6. Modificación mediante construcións coa partícula estrutural ; Sux.+ V. + Part. estrutural的 + Núcleo.

3.3. Posición dos elementos: Forma Pos. + Pron. Dem. + Núm. + Clasif. +Adx. + N.

3.4. Funcións sintácticas do sintagma: Sux., OD, OI e CC.

4. O SINTAGMA ADXECTIVAL

4.1. Núcleo.

4.1.1. Adxectivo.

4.1.1.1. Adxectivo cualificativo: monosilábicos e bisilábicos.

4.1.1.2. Adxectivo de estado formados por afixos.

4.1.1.3. Grao: positivo, comparativo (superioridade e inferioridade) e superlativo.

4.2. Modificación do núcleo mediante Adv., Adx. e part. estrutural.

4.3. Posición dos elementos.

4.3.1. Adv./Adx. + Núcleo.

4.3.2. Núcleo + Part. estrutural 地

4.3.3. Part. estrutural 得 + Núcleo; p.e. 得好, 得快.....

4.4. Funcións sintácticas do sintagma: Predicado Adxectivo, CC, CGrao.

5. O SINTAGMA VERBAL

5.1. Núcleo: verbo.

5.1.1. Clases.

5.1.1.1. Verbos monotransitivos, ditrans. e intrans.; léxicos e auxiliares; 是, 有 y在

5.1.2. Expresión do tempo (presente, pasado, futuro) mediante elementos léxicos; expresión da experiencia pasada coa partícula 过

5.1.3. Aspecto.

5.1.3.1. Perfectivo.

5.1.3.1.1. Partícula 了₁

5.1.3.1.2. Mediante o complemento resultativo.

5.1.3.2. Progresivo: construción (正)在.....呢

5.1.3.3. Durativo: partícula 着

5.1.3.4. Incoativo: coa construción 要.....了

5.1.3.5. Terminativo: Sux.+ 刚、刚刚 + V.

5.1.3.6. Iterativo: Sux. + 又、再 + V.

5.1.4. Modalidade.

5.1.4.1. Factualidade: coa partícula 的

5.1.4.2. Mudativo: coa partícula modal 了₂

5.1.4.3. Necesidade: verbos modais ou auxiliares: 要、不用, 应该、不该、.....

5.1.4.4. Obriga: verbos modais ou auxiliares: 必须、不必、得.....

5.1.4.5. Capacidade: verbos modais ou auxiliares: 能、不能、能够、会、不会.....

5.1.4.6. Permiso: verbos modais ou auxiliares: 可以、不可以、能、不能.....

5.1.4.7. Posibilidade: verbos modais ou auxiliares: 能、会、可以、可能、不能、不可以.....

5.1.4.8. Prohibición: verbos modais ou auxiliares: 不可以、不能、不要.....

5.1.4.9. Intención: verbos modais ou auxiliares: 想、要、愿意.....

5.1.4.10. Vontade, desexo: verbos modais ou auxiliares: 想、愿意.....

5.1.5. Voz activa.

5.2. Modificación do núcleo.

5.2.1. Mediante negación: Adv. Neg. 不、没(有)+ Núcleo.

5.2.2. Mediante V: V. (C. resultativo); VAux.; V. (去、来 C. direccional simple).

5.2.3. Mediante Adx.: Adx. (C. resultativo); 得 + (Adv.)+ Adx. (C. grao); Adx. + 地

5.2.4. Mediante Adv.: Adv. 很、非常、也、还.....

5.2.5. Clasificador verbal: 遍、次、趟.....

5.2.6. Substantivo de tempo.

5.2.7. Sintagma preposicional.

5.2.8. Partículas aspectuais:了、着、过

5.2.9. Reduplicación do verbo monosilábico e bisilábico.

5.3. Posición dos elementos.

5.3.1. (Subst. de tempo) + (S.Prepo.) + Núcleo + Complementos + (O).

5.3.2. (Subst. de tempo) + (S.Prepo.) + Núcleo + (Comple.) + (Part. Aspectuais) + (O).

5.4. Funcións sintácticas do sintagma: V, Sux., OD. C., result. e C. direcc.

6. O SINTAGMA ADVERBIAL

6.1. Núcleo.

6.1.1. Adverbio.

6.1.1.1. Clases: tempo, grao, medida, frecuencia, negación e afirmación e modo.

6.2. Modificación do núcleo mediante Adv. e Prep.

6.3. Posición dos elementos: (Adv./Prepo+) N.

6.4. Funcións sintácticas do sintagma: CC e complemento do adxectivo.

7. O SINTAGMA PREPOSICIONAL

7.1. Núcleo.

7.1.1. Preposicións: orixe ou destino, dirección, tempo, obxecto, causa e finalidade, distancia, comparación.

7.2. Locucións preposicionais: 从.....到....., 跟、同、和.....一起....., 对.....

7.3. Posición dos elementos: N + Subst./ Pronome/Adxectivo.

7.4. Funcións sintácticas do sintagma: CC e Sux.

C. CONTIDOS FONÉTICOS, FONOLÓXICOS E ORTOGRÁFICOS

1. FONÉTICA E FONOLOXÍA

1.1. Sons e fonemas vocálicos.

1.1.1. Sistema vocálico: monotongos, vogal reflexa, semivogais.

1.2. Sons e fonemas consonánticos.

1.2.1. Sistema consonántico.

1.3. A sílaba.

1.3.1. Acento tonal dos elementos léxicos illados.

1.3.1.1. Regras de colocación dos tons en vogais dobres e triples.

1.4. Os tons.

1.4.1. Representación gráfica dos tons: 1.º (ˊ); 2.º (ˋ); 3.º (ˇ); 4.º (˘).

1.4.2. O ton neutro.

1.4.3. Cambios de ton.

2. ORTOGRAFÍA

2.1. Sistema de escritura: caracteres chineses. Representación gráfica de fonemas e sons mediante o sistema de transcripción fonética Pinyin.

2.2. Os caracteres.

2.2.1. Formación e regras de escritura.

2.2.2. Os radicais.

2.3. Ortografía das palabras estranxeiras. Uso de equivalencias fónicas (en caracteres) para a transcripción de palabras estranxeiras.

2.4. Uso dos caracteres na súas diversas formas.

2.5. Signos ortográficos.

2.5.1. En Pinyin.

2.5.2. En caracteres.

DANÉS

B. CONTIDOS MORFOSINTÁCTICOS:

1. A ORACIÓN SIMPLE

1.1. Tipos de oración, elementos constituíntes e a súa posición.

1.1.1. Oración declarativa.

1.1.1.1. Sux.+V(+OI Pron.+OD/Atrib.Pron.+C central+OI+OD/Atrib.+CCs).

1.1.1.2. Sux.+V¹ (+C central)+V²(+V³+OI +OD/Atrib.+CCs).

1.1.2. Oración interrogativa.

1.1.2.1. V+Sux.(+OI Pron.+OD/Atrib.Pron.+C central+OI+OD/Atrib.+CCs).

1.1.2.2. V¹+Sux.+V²(+V³+C central+OI+OD/Atrib.+CCs).

1.1.3. Oración imperativa.

1.1.3.1. V(+Neg.)(+CCs).

2. A ORACIÓN COMPOSTA

2.1. Expresión de relacións lóxicas.

2.1.1. Conxunción: *og*.

2.1.2. Disxunción: *eller, enten ...eller, hverken ... eller*.

2.1.3. Oposición: *men*.

2.1.4. Concesión: *om*.

2.1.5. Comparación: *end*.

2.1.6. Condición: *hvis*.

2.1.7. Causa: *fordi*.

2.1.8. Finalidade: *for at*.

2.1.9. Resultado: *så at*.

2.1.10. Relacións temporais.

2.1.10.1. Anterioridade: *da*.

2.1.10.2. Posterioridade: *når*.

2.1.10.3. Simultaneidade: *medens*.

2.2. Posición dos elementos en oracións subordinadas.

2.2.1. Conector+Sux.(+C central)+V¹(+V²..)(+OI+OD+CCs).

3. O SINTAGMA NOMINAL

3.1. Núcleo.

3.1.1. Substantivo: comúns (contables/non contables) e propios.

3.1.1.1. Xénero: común e neutro.

3.1.1.2. Número: plural en *-er/-r/-e*, invariable, con alternancia vocálica e *pluralia tantum*.

3.1.1.3. Caso: xenitivo e restos de declinación.

3.1.2. Pronomes.

3.1.2.1. Persoais: nominativa, acusativo, dativo, termo de preposición.

3.1.2.2. Posesivos.

3.1.2.3. Reflexivos.

3.1.2.4. Demostrativos: formas de proximidade e afastamento.

3.1.2.5. Indefinidos: con oposición de xénero e con oposición de número.

3.1.2.6. Interrogativos.

3.1.2.7. Impersoal: nominativo *man*.

3.2. Modificación do núcleo.

3.2.1. Determinantes.

3.2.1.1. Artigos: determinados sen e con Adx. (heterónimos). Indeterminados.

3.2.1.2. Demostrativos.

3.2.1.3. Posesivos.

3.2.1.4. Cuantificadores: numerais e outros cuantificadores.

3.2.2. Substantivos compostos con e sen letra de unión.

3.2.3. Modificación mediante SAdx., SPrep. e frase de relativo.

3.3. Posición de os elementos: Det.+(SAdx.+)N(+SPrep.)(+frase de relativo).

3.4. Fenómenos de concordancia.

3.5. Funcións sintácticas do sintagma: Sux., Atrib., OD, OI e CC.

4. O SINTAGMA ADJECTIVAL

4.1. Núcleo: adxectivo.

4.1.1. Xénero: común e neutro: *gul/gult*.

4.1.2. Número: plural (cambios ortográficos).

4.1.3. Grao: positivo, comparativo e superlativo.

4.2. Modificación do núcleo mediante *meget* e *ikke særlig*.

4.3. Posición dos elementos: (Det +) Adv+N .

4.4. Fenómenos de concordancia.

4.5. Funcións sintácticas do sintagma: Atrib.

5. O SINTAGMA VERBAL

5.1. Núcleo: verbo.

5.1.1. Clases: regulares e irregulares. Verbos depoñentes.

5.1.2. Tempo.

5.1.2.1. Expresión do presente: Inf. +-r: *læser, går*.

5.1.2.2. Expresión do pasado: pasado e pretérito perfecto.

5.1.2.3. Expresión do futuro: presente e *skal/vil* +Inf.

5.1.3. Aspecto.

5.1.3.1. Contraste durativo/habitual: *at [sidde/stå/ligge/gå] og +V* finito e *at være ved at +Inf./at pleje at +Inf.*

5.1.3.2. Contraste iterativo/puntual: *igen*.

5.1.3.3. Contraste incoativo/terminativo: (*at begynde at / at være færdig med at*) +Inf.

5.1.4. Modalidade.

5.1.4.1. Necesidade: *at måtte*.

5.1.4.2. Obriga: *at skulle*.

5.1.4.3. Capacidade: *at kunne*.

5.1.4.4. Permiso: *at måtte*.

5.1.4.5. Posibilidade: *at kunne* .

- 5.1.4.6. Prohibición: *at ikke måtte*.
- 5.1.4.7. Intención: *at ville*.
- 5.1.5. Voz activa e pasiva.
- 5.2. Modificación do núcleo mediante partículas e negación.
- 5.3. Posición dos elementos.
- 5.4. Funcións sintácticas: V, Sux., Atrib. e OD.

6. O SINTAGMA ADVERBIAL

- 6.1. Núcleo.
 - 6.1.1. Adverbio.
 - 6.1.1.1. Clases: modo, tempo, lugar, dirección, interrogación, cantidade e *lige*.
 - 6.1.2. Locucións adverbiais.
- 6.2. Funcións sintácticas: CC.

7. O SINTAGMA PREPOSICIONAL

- 7.1. Núcleo.
 - 7.1.1. Preposicións.
 - 7.1.2. Locucións preposicionais.
- 7.2. Posición dos elementos: Prep. +Termo.
- 7.3. Funcións sintácticas: CC, Atrib. e CAx.

C. CONTIDOS FONÉTICOS, FONOLÓXICOS E ORTOGRÁFICOS

1. FONÉTICA E FONOLOXÍA

- 1.1. Sons e fonemas vocálicos.
 - 1.1.1. Sistema vocálico: cantidade vocálica; <-e>; <-er> e <-et>; o *stød*.
- 1.2. Sons e fonemas consonánticos.
 - 1.2.1. Sistema consonántico: aspiradas/non aspiradas; oclusivas/fricativas; a<r>.
- 1.3. Procesos fonolóxicos.
 - 1.3.1. Enxordecemento de <-d> e <-h>.
 - 1.3.2. Asimilación: *er*.
- 1.4. Acento dos elementos léxicos illados.
 - 1.4.1. Distribución regular do acento.
- 1.5. Acento e atonicidade: patróns tonais no sintagma.
 - 1.5.1. Atonicidade dos verbos modificados por partículas.

2. 2. ORTOGRAFÍA

- 2.1. Sistema de escritura: alfabeto e <Æ, Ø, Å>.
- 2.2. Representación gráfica de fonemas e sons.
 - 2.2.1. Correspondencias.
 - 2.2.2. Duplicación consonántica .
 - 2.2.3. <-eg-> e <-ej->.
- 2.3. Ortografía das palabras estranxeiras: conservación da forma orixinal dos préstamos modernos.
- 2.4. Uso dos caracteres nas súas diversas formas: maiúsculas, cursiva e subliñado.
- 2.5. Signos ortográficos: uso do acento e do guión.
- 2.6. División de palabras ao final da liña: <-Cr->→<C-r>.

ESPAÑOL PARA ESTRANXEIROS

B. CONTIDOS MORFOSINTÁCTICOS

1. A ORACIÓN SIMPLE

- 1.1. Tipos de oración, elementos constituíntes e a súa posición.
 - 1.1.1. Oración declarativa.

- 1.1.1.1. Sux. en posición inicial.
- 1.1.1.2. CC en posición inicial.
- 1.1.1.3. OI en posición inicial.
- 1.1.1.4. Se en posición inicial.
- 1.1.1.5. Posición da negación.
- 1.1.2. Oración interrogativa.
 - 1.1.2.1. Oración declarativa con marcas interrogativas.
 - 1.1.2.2. Elemento interrogativo en posición inicial.
- 1.1.3. Oración exclamativa.
